

## **EXTRACTO DO PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 DO CURSO 2020/2021**

### **1. Membros do Equipo Covid**

Isidoro Ángeles Ventura (Presidente da Fundación “Casa de la Virgen” )

Raimundo Santomé Martínez (Director do centro )

Yolanda Martínez Graña (Xefa de Estudos)

Esteban Cancelas Currás (Técnico de Prevención do centro)

### **2. Medidas de protección básicas.**

Para a detección precoz no alumnado, os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínicoepidemiolóxica que se describe no Anexo I adxunto, que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible coa covid-19 na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar. O centro solicitará unha declaración responsable dos proxenitores ao inicio do curso escolar. A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun **alumno/a, durante a estancia no centro** ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, solución hidroalcohólica, papeleira de pedal e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao equipo COVID do centro.

### **3. Uso da máscara no centro**

- Uso obrigatorio de máscara de protección para todas as persoas alleas ó centro que accedan ao recinto do centro educativo.
- Uso obrigatorio de máscara de protección en todo momento, incluído nas aulas, para todo o alumnado de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato, persoal docente e demais traballadores do centro. O alumnado ten a obriga de levar unha **segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico** para gardala.
- Recomendación de uso da máscara para os nenos de Infantil, sempre que sexa posible.

### **4. Xestión dos brotes**

**Non asistirán ao centro aqueles estudantes que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en **illamento por diagnóstico de COVID-19**, ou en período de **corentena domiciliaria** por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

De producirse un caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria. En función do número de contaxios, esta poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na normativa.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno á actividade educativa ordinaria presencial.

## **5. Determinación dos grupos estables de convivencia.**

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato establécense as seguintes medidas de conformación das aulas: a) Os postos escolares manterán unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen. b) Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.

## **6. Acceso dos familiares ou acompañantes ao centro educativo.**

Os familiares ou acompañantes do alumnado **non** poderán acceder ao edificio e limitarán na medida do posible a entrada no recinto escolar. Os familiares ou persoas autorizadas dos alumnos de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria, deberán recoller ao seu filla/a nas portas e nos horarios de saída indicados para cada nivel.

Só estará permitido o acceso ao edificio para **trámites administrativos** que non se poidan levar a cabo telefónica ou telematicamente, en horario de 15:30 a 16:30 h. Deberá premer o timbre do portal do recinto escolar e esperar as indicacións de conserxería. Só poderá acceder ao edificio unha persoa de cada vez.

No caso de ter que deixar ou recoller a un alumno/a nun horario diferente ao longo da xornada lectiva, os familiares ou acompañantes deberán premer o timbre do portal do recinto escolar e esperar as indicacións do conserxe.

## **7. Determinación das entradas e saídas.**

### **ENTRADA**

Os alumnos de **Bacharelato, ESO e Primaria** realizarán a entrada pola porta principal do centro, debendo chegar nos tramos horarios indicados para cada etapa. Non gardarán fila, senón que irán accedendo ao centro segundo vaian chegando e

dirixíndose á aula, coa máscara de protección posta, gardando a distancia de seguridade e seguindo as indicacións para circular polo tramo de escaleiras de subida. Os acompañantes do alumnado non poderán acceder ao edificio.

**En Educación Infantil**, os alumnos de 6º de Educación Infantil accederán pola porta de entrada exclusiva á súa aula, mentres que os alumnos de 4º e 5º de Educación Infantil accederán pola porta principal de infantil, todas elas situadas no semisoto. As profesoras de cada curso recibirán aos alumnos e os acompañantes do alumnado non poderán acceder ao edificio.

## **SAÍDA**

Os alumnos de **Bacharelato, ESO e Primaria** realizarán a saída pola porta principal do centro, situada na planta baixa do edificio, seguindo as indicacións da cartelería. Os alumnos de **4º e 5º de Educación Infantil** sairán pola porta principal da planta de infantil. **6º de Ed. Infantil** pola porta da súa clase que dá acceso ao exterior.

## ***HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA (SETEMBRO E XUÑO)***

	ENTRADA	SAÍDA
4º INFANTIL	8:45-9:05	13:40
5º INFANTIL	8:45-9:05	13:45
6º INFANTIL	8:45-9:05	13:50
1º PRIMARIA	8:40-9:00	13:40
2º PRIMARIA	8:40-9:00	13:40
3º PRIMARIA	8:40-9:00	13:45
4º PRIMARIA	8:40-9:00	13:45
5º PRIMARIA	8:40-9:00	13:50
6º PRIMARIA	8:40-9:00	13:50
1º ESO	8:00-8:15	L-M-V 13:55 ME-X 14:40
2º ESO	8:00-8:15	L-M-V 13:55 ME-X 14:40

3º ESO	8:00-8:15	L-M-V 14:00 ME-X 14:45
4º ESO	8:00-8:15	L-M-V 14:00 ME-X 14:45
1º BACH.	8:00-8:15	L-M-V 14:05 ME-X 14:50
2º BACH.	8:00-8:15	L-M-V 14:05 ME-X 14:50

***HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA (DO 1 DE OUTUBRO AO 31 DE MAIO)***

	ENTRADA	SAÍDA	ENTRADA	SAÍDA
4º INFANTIL	9:15-9:35	12:35	14:50-15:05	16:45
5º INFANTIL	9:15-9:35	12:40	14:50-15:05	16:50
6º INFANTIL	9:15-9:35	12:40	14:50-15:05	16:55
1º PRIMARIA	9:10-9:30	12:40	14:50-15:00	16:40
2º PRIMARIA	9:10-9:30	12:40	14:50-15:00	16:40
3º PRIMARIA	9:10-9:30	12:45	14:50-15:00	16:45
4º PRIMARIA	9:10-9:30	12:45	14:50-15:00	16:45
5º PRIMARIA	9:10-9:30	12:50	14:50-15:00	16:50
6º PRIMARIA	9:10-9:30	12:50	14:50-15:00	16:50
1º ESO	8:50-9:10	L/M 13:55 ME/X/V 14:40	L/M 15:15- 15:25	L/M 17:00
2º ESO	8:50-9:10	L/M 13:55 ME/X/V 14:40	L/M 15:15- 15:25	L/M 17:00
3º ESO	8:50-9:10	L/M 14:00 ME/X/V 14:45	L/M 15:15- 15:25	ME/X/V 17:05
4º ESO	8:50-9:10	L/M 14:00 ME/X/V 14:45	L/M 15:15- 15:25	ME/X/V 17:05

1º BACH.	8:00-8:15	L/M/V 14:05
2º BACH.	8:00-8:15	ME/X 14:50

## **8. Determinación dos recreos.**

O centro estableceu, segundo as recomendacións do protocolo de educación, uns horarios e espazos diferentes para cada grupo. Organizáronse entradas e saídas en diferentes horarios e con distintos accesos para minimizar concentracións elevadas de alumnado en corredores e escaleiras. Reforzarase o número de profesores encargados da vixilancia nos diferentes recreos de cada etapa educativa.

## **9. Titorías coas familias.**

Para as titorías cos pais dos alumnos , utilizarase principalmente **a vía telefónica, videochamada ou outras ferramentas telemáticas.**

Cando por causas excepcionais deban de realizarse de forma presencial no centro, hai habilitadas 2 salas de espera na planta baixa, con mampara de separación garantindo a distancia de 1,5 m. entre os interlocutores, xel hidroalcólico, panos desbotables e papeleira con tapa e pedal . Uso obrigatorio de máscara. O aforo máximo da sala de espera será de 2 persoas.

O horario de atención ás familias para as titorías presenciais no centro non coincidirá coas horas das entradas ou saídas do centro, cambio de clase, recreos ou horarios do servizo de comedor.

O horario para as titorías presenciais, só en casos excepcionais, no centro educativo, será: 15:30h-16:30h ou a partir das 17h15. ao rematar o horario lectivo.

## **10. Plan madrugada.**

O horario de comezo do plan madrugada será ás **7h30**. Os alumnos que se acollan a este servizo, serán ubicados no comedor do centro, sala con superficie suficiente para garantir as distancias de seguridade e con ventilación axeitada . **A entrada realizarase pola porta lateral do mesmo que dá acceso ao exterior.** Os familiares non poderán acceder ao edificio. Os alumnos ocuparán as mesas por cursos diferenciados mantendo e garantindo a distancia mínima de 1,5 m. entre eles. A sala estará dotada de xel hidroalcólico , panos desbotables e papeleira con tapa e pedal.

## **11. Servizo de comedor**

Os alumnos de Educación Infantil comezarán o seu servizo de comedor ás 12h45 no seu comedor situado na planta baixa do centro . Cada curso comerá nunha mesa illada dos demais cursos para garantir o grupo estable de convivencia e a distancia de seguridade entre os grupos. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

O alumnado de Educación Primaria comerán no comedor principal do centro ás 12h50. Cada curso comerá nunha mesa illada dos demais cursos para garantir o grupo estable de convivencia e a distancia de seguridade entre os grupos. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

Os alumnos de Educación Secundaria e Bacharelato comerán no comedor principal e noutra sala habilitada na planta baixa. Cada curso ocupará unha mesa, garantindo a distancia de seguridade entre os comensais de cada mesa e entre as mesmas.

O persoal colaborador que atenda cada mesa será o mesmo en cada quenda. Haberá a disposición dos alumnos xel hidroalcolico na entrada do comedor , así como panos desbotables e papeleira con tapa e pedal.

## **12. Actividades extraescolares.**

Non se levarán a cabo actividades extraescolares co fin de previr, tanto no horario do recreo posterior ao servizo de comedor coma tra-la xornada lectiva, tanto as organizadas pola ANPA "A Patela" como as organizadas polo Concello de Cangas.

## **13. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello ).**

- As canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello ), serán:

- **Vía telefónica**

- **Correo electrónico**

-Páxina web do centro: **[www. casadelavirgen.es/colegiocangas](http://www.casadelavirgen.es/colegiocangas)**.

#### **14. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.**

- O Plan será enviado vía correo electrónico a todas as familias, membros da Anpa e do Consello Escolar. Así mesmo, tamén será colgado na páxina web do centro educativo. **[www.casadelavirgen.es/colegiocangas](http://www.casadelavirgen.es/colegiocangas)**
- Levarase a cabo **reunións telemáticas** antes do inicio do curso escolar 2020/2021, distribuídas por niveis, para informar ás familias. Estas recibirán un correo electrónico do/a titor/a da aula co enlace á reunión. As datas e horas das reunións serán:

4º Infantil: luns 7 setembro ás 17:00 h.

5º Infantil: luns 7 de setembro ás 18:15 h.

6º Infantil: luns 7 de setembro ás 19:30 h.

1º Primaria: martes 8, ás 17:00 h.

2º Primaria: martes 8, ás 18:15 h.

3º Primaria: martes 8, ás 19:30 h.

4º Primaria: mércores 9, ás 17:00 h.

5º Primaria: mércores 9, ás 18:15 h.

6º Primaria: mércores 9, ás 19:30 h.

1º ESO: luns 14, ás 17:00 h.

2º ESO: luns 14, ás 18:15 h.

3º ESO: Luns 14, ás 19:30 h.

4º ESO: Martes 15, ás 17:00 h.

1º Bacharelato: Martes 15 ás 18:15 h.

2º Bacharelato: Martes 15, ás 19:30 h.

#### **15. Datas de inicio do curso por clases**

A incorporación do alumnado será gradual e producirase nas seguintes datas e no horario que se indica no punto 7 do presente documento:

- O día **10 de setembro** incorporárase o alumnado de **4º e 5º de educación infantil e 1º, 2º e 3º curso de educación primaria.**
- O día **11 de setembro** incorporárase o alumnado de **6º de educación infantil e 4º, 5º e 6º curso de educación primaria.**
- O día **16 de setembro** incorporárase o alumnado de **1º e 2º de educación secundaria obrigatoria e 1º curso de bacharelato.**
- O día **17 de setembro** incorporárase o alumnado de **3º de educación secundaria obrigatoria e 2º curso de bacharelato.**
- O día **18 de setembro** incorporárase o alumnado de **4º de educación secundaria obrigatoria.**





## ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		